



MATERIA	Química		
CURSO	2º Bach.	HORAS SEMANAIS	4

BREVE DESCRIPCIÓN DA MATERIA

A Química de 2º de Bacharelato é unha materia preparatoria para a universidade e está dirixida a alumnado que curse o bacharelato científico. Nela afóndase nos contidos estudados na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato e abóndanse contidos máis enfocados ao acceso á universidade e á realización de estudos superiores.

CONTIDOS

- Estrutura da materia e modelo atómico de Bohr.Orbitais atómicos e números cuánticos.
- Hipótese de De Broglie e principio de indeterminación de Heisenberg.
- Sistema periódico e propiedades dos elementos.
- Enlace iónico e enlace covalente.
- Xeometría e polaridade das moléculas.
- Teoría do enlace de valencia (TEV) e hibridación.
- Teoría de repulsión de pares electrónicos da capa de valencia (TRPECV).
- Forzas intermoleculares.
- Equilibrio químico.
- Equilibrio ácido-base.
- Equilibrio redox.
- Velocidade de reacción e factores que inflúen nela.
- Teoría de colisións e do estado de transición.Mecanismos de reacción.
- Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC.
- Tipos de isomería.
- Tipos de reaccións orgánicas.
- Macromoléculas e polímeros.

METODOLOXÍA

A metodoloxía baséase no ensino directo na aula, en interacción continua co alumnado, e na realización de actividades de diferente natureza que axuden a fixar unha aprendizaxe significativa. Na medida do posible, e dado o eminente carácter práctico da materia, levarase o alumnado ao laboratorio para desenvolver diferentes experiencias relacionadas cos contidos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	90 %
Outros instrumentos de avaliación	10 %
TOTAL AVALIACIÓN	100 %

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA

Avaliación continua. En cada exame entrará toda a materia impartida no curso ata ese momento. Faranse seis probas ao longo do curso, dúas por avaliación, que terán un peso específico de 1, 2, 3, 4, 5 e 6 respectivamente. A nota correspondente ás probas escritas calcularase mediante unha **media ponderada**.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: Só se terá en conta a **nota do exame**, que debe ser 5 ou superior a 5.

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

A Química de 2º de Bacharelato é unha materia que pondera para a entrada en certas carreiras, tanto da rama científica como da sanitaria e de tecnoloxía. Pondera a máxima puntuación en carreiras como Matemáticas, Química e Bioloxía, pero tamén noutras como Medicina, Enfermería ou Enxeñería Informática. Forma parte dos estudos básicos necesarios para levar a cabo con éxito estudos científicos posteriores.